

Sr.D. Alberto Núñez Feijóo
Presidente da Xunta de Galicia
San Caetano, s/n
Santiago de Compostela
Galiza

Benquerido Presidente,

Vin que onte, nunha sesión de control parlamentar, a voceira do BNG, Ana Pontón, demandoulle a vostede unha xestión pública das sete residencias previstas para as cidades galegas, ao que na súa resposta e retruque aproveitou unha vez máis para cuestionala cun argumento falaz sobre o Centro de Atención a Persoas Maiores de Ribadeo. Segundo recollen os medios de comunicación, chegou a dicirlle que o goberno de Ribadeo lle entregáramos a xestión da residencia a nada menos que unha empresa construtora.

Véxome, aínda que non queira, de novo interpelado a este respecto, pois xa no seu discurso de investidura do ano pasado tamén fixo algunha referencia ao carácter supostamente privatizado desta residencia. Quizais non o lembre, mais eu daquela dirixinlle unha atenta resposta explicándolle as claves desta Residencia (e en consecuencia as diferenzas coas da maioría que xestiona vostede, ou sen personalizar, a súa administración) da que en Ribadeo todos e todas nos sentimos moi orgullosos. Polo seu funcionamento modélico e tamén polo que nos custou conseguila. Aínda lembramos as innumerables pexas que a Xunta tentou trabar ao longo dos sete anos de xestión deste proxecto.

Atrévome a incluír dentro deste todos e todas até aos membros do seu partido, o Partido Popular, a pesares de que a Xunta de Galicia desa época non chegou a poñer un céntimo dos máis de 2.500.000,00 € que custou poñela en marcha, nin se comprometeu en nada do seu funcionamento nin do seu mantemento.

Mais volvendo ao presente e ao motivo desta atenta, quero explicarlle a realidade das cousas que, realmente, coa súa formación xurídica e experiencia, coidaba que xa coñecía, ou cando menos debería coñecer, no relativo ás formas de xestión dos servizos públicos.

O Centro de Atención de Persoas Maiores de Ribadeo é un centro de titularidade municipal e de Iniciativa e Xestión Pública directa, xestionado a través dun convenio de colaboración entre as dúas únicas administracións que estiveron presentes desde os inicios da loita veciñal por ter este centro en Ribadeo: o Concello e máis a Deputación, empregando o seu propio persoal, funcionario e laboral.

O único que pode atopar é, como en calquera outra administración, algún contrato de servizos para certas tarefas (auxiliares, limpeza, lavandería ...). Quizais vostede non consultou (ou non llo advertiron) que todo isto figura no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais (RUEPSS) da Consellaría de Política Social da Xunta.

Coa normativa vixente a nivel estatal e autonómico á hora de crear novos centros residenciais, este método de xestión é, de lonxe, o mellor, no senso de que a Administración Pública está sempre dentro do sistema, co seu persoal “in situ”, vixiando, fiscalizando e



mellorando día a día todo o ciclo da xestión dos nosos maiores, moi ao contrario doutras tipoloxías como as concesións de servizos, concertos, etc.

Quizais vostede confunde este con outros sistemas, dos que a Xunta de Galicia abusou moito e segue a facelo nestes últimos anos, e que son diametralmente opostos ao de Ribadeo, como pode ser o concerto de prazas “públicas” en centros de xestión privada 100%, e nos que o funcionamento diario non é controlado pola Administración Pública.

Confésolle que no Concello tiñamos puntos febles na cuestión de atención ás persoas maiores onde vostede podería atacar a Ana Pontón, poñéndonos como exemplo. Digo isto porque a competencia de orixe en atención aos maiores é exclusiva da Xunta de Galicia, mentres que os Concellos só temos a atribuída unha intervención menor, polo que é certo que excede moito da competencia municipal o desafiar a todo o sistema e arriscar como arriscamos para construír e xestionar unha nova residencia. Isto si que foi un punto onde vostede puido incidir, pero vexo que o pasou por alto.

Tamén lle confeso que a día de hoxe temos outra debilidade, que pode que non coñeza, aínda que neste caso Ana Pontón non ten a culpa, pero seguro que estará connosco no ánimo de poñerlle solución. Trátase da necesidade de adaptar á legalidade actual unha vella residencia que data de finais do século XIX, e que é hoxe en día o fogar dunhas corenta persoas maiores. Este “Hospital-Asilo de San Sebastián e San Lázaro”, de titularidade municipal, está rexido, de sempre, por unha orde relixiosa (que por certo o fai moi ben) e desde o Concello axudamos canto podemos.

De feito, estamos dende hai tempo en conversas coa súa Conselleira de Política Social porque queremos, dunha vez por todas, afrontar as necesarias obras de adaptación, que serán moi cuantiosas, pois a cifra superará o 1,500.000 euros. Tivemos a fortuna, nunca mellor dito, de que unha persoa ao seu falecemento, quixese legar o seu importante patrimonio a este Hospital-Asilo. Con todo, esta herdanza non chegará nin á metade dos recursos necesarios para a adaptación.

E é aquí onde ten vostede unha oportunidade marabillosa para redimir esa actitude, cando menos pouco atinada senón mala, que a Xunta tivo coa outra Residencia que agora criticou. Convídoos, xa que logo, a que a Xunta que vostede preside, sexa ambiciosa de verdade, e exerza as competencias sociais que ten por lei, colaborando activamente co concello nesta boa fin. Estou seguro de que a veciñanza de Ribadeo vai valorar moi positivamente que a Xunta retorne á colaboración en materia social que até agora non tivo.

Ten agora a posibilidade de non poñer mais paus nas rodas e traballar arreo co Concello para lograr, neste mandato, a consecución destes nobres obxectivos. Agardemos que así sexa.

Reciba pois, un cordial saúdo e quedo á súa disposición, coma sempre.

Fernando Suárez Barcia
Alcalde de Ribadeo

(DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE)



MINUTA

Concello Ribadeo (1 para 1)
Concello de Ribadeo
Data de Sinaura: 29/04/2021
HASH: 41ba91a64f69abaf7e08192e7aa9d73a

REXISTRO DE SAÍDA		
OFICINA	Núm. REXISTRO	DATA E HORA
Oficina Central de Rexistro	2021-S-RC-1183	29/04/2021 12:03
RESUMO		
Notificación -- Expediente 2238/2021 Procedemento Xenérico (SIA 799955)		
EXPEDIENTE	TIPO DE COMUNICACIÓN	
2238/2021	Comunicación Electrónica	
NIF/CIF/DIR3	DESTINATARIO	
A12010201	Presidencia de la Xunta de Galicia	

SIR	
ORIXE	
L01270517	Ayuntamiento de Ribadeo
O00020571	Registro General Ayuntamiento de Ribadeo
DESTINO	
A12010201	Presidencia de la Xunta de Galicia
O00008826	Registro General de la Xunta de Galicia

DOCUMENTOS ENVIADOS
Nome do ficheiro: Oficio_Presidente_Xunta_residencia_-_asuntos_sociais.pdf
Tipo de documento: Comunicación
Validez: Orixinal
CSV: AS9JC9T5FC2LCLY6JRMTN95TY
Pegada dixital: 83568ed89978fd34b309ebf0cc75b777f23b9066

